



REGULAMENTO

- Proba incluída no Campionato Galego de Carreiras de Montaña.
- Pódese consultar toda a información da proba en atletismo.gal
- A proba terá lugar en Esgos (581 m) o domingo día 9 de xuño de 2018 e dará comezo ás 11:00 h.
- A chegada é no O Eirado (1.163 m).
- A distancia total a percorrer será de 13 km, cun desnivel de 582 m positivos.
- Unha moto de trial irá abrindo a carreira a unha distancia de seguridade apropiada para sinalar o camiño e non entorpecer os corredores.
- A entrega de dorsais realizarase o día 9 de xuño dende as 8:30 h ata as 10:45 h
- As inscricións pecharanse o 7 de xuño as 24:00 horas.
- O custo da inscrición será de 10 €.
- A inscrición dá dereito a:
 - Participar na carreira
 - Camiseta conmemorativa
 - Avituallamentos
 - Transporte de roupa de abrigo á meta
 - Transporte da Meta á Saída
 - Seguro
 - Comida ao termo das probas
 - Sorteos
- Non se poderá correr co número doutra persoa.
- Toda a persoa que participe sen estar inscrita e sen número ou falseando os datos da inscrición, faino baixo a súa responsabilidade e sen ter dereito ningún os servizos e produtos aos que teñen dereito os corredores inscritos oficialmente e poderá ser retirado da proba por calquera membro da organización.
- Os números deberán estar visibles en todo momento.
- Estableceranse 2 puntos de control de proba polos que será obrigatorio o paso dos participantes.
- O percorrido estará sinalizado con anacos de cinta de plástico de cor viva e frechas. Haberá referencias quilométricas cada 2 km.
- Haberá 4 avituallamentos líquidos e o da chegada tamén sólido.
- Os puntos de control médico establecidos inicialmente son: Saída/Meta e Virxe do Monte, a estes puntos poden sumarse outros aleatorios durante todo o percorrido.
- É a nosa obriga concienciar e obrigar a que os participantes e organizadores poidamos deixar a montaña da mesma forma que estaba antes da carreira, por iso deberemos ser respectuosos co medio e depositar o lixo xerado nas papeleiras establecidas para iso nos puntos de avituallamento e na chegada.
En caso de incumprilo poderá dar lugar á descalificación do corredor.

- Quedará descalificado o que non cumpra o regulamento, non complete a totalidade do percorrido, non pase polos puntos de control establecidos, deteriore ou ensucie o entorno, non leve o número ben visible ou desatenda as indicacións da organización ou os xuíces.
- A participación no evento por parte do corredor supón a aceptación de todas as normas propostas pola Organización e as que se houbesen de propoñer para o bo desenvolvemento da proba.
- A organización resérvase o dereito a realizar modificacións no itinerario que considere necesarias en función das diferentes condicións metereolóxicas ou outras causas de forza maior.
- A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, lesión ou negligencia así como dos obxectos de cada participante.
- Os corredores participan baixo a súa responsabilidade na competición e por iso exoneran de toda responsabilidade a organización da proba e conveñen en non denunciar a entidade organizadora, colaboradores, patrocinadores e outros participantes, así como tampouco iniciar ningunha reclamación de responsabilidade civil contra as citadas partes.
- Polo mero feito de inscribirse, todos os participantes declaran estar en perfecto estado de saúde e aptos para a proba.
- A inscrición na proba tamén implica que o participante AUTORIZA á organización da Subida Rochas – O Eirado á gravación da súa participación nesta e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba e cede os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuna.
- O percorrido realizácese exclusivamente a pé. Os únicos vehículos autorizados para seguir a proba polo percorrido oficial son os designados e acreditados pola organización.
- Queda totalmente prohibido seguir ou acompañar aos corredores polo percorrido oficial a pé, en coche, moto, bicicleta ou levando animais atados dado o perigo que poida supoñer para a seguridade destes.
- Os participantes teñen a obriga de prestar socorro a outro participante que este en perigo ou accidentado e está obrigado a comunicalo ao control máis próximo.
- Os participantes deben comportarse deportivamente e mostrarse respectuosos con outros participantes, voluntarios e membros da organización.
- O CONCELLO DE ESGOS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a



tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE ESGOS. Praza da Souteira, s/n – 32720 Esgos (Ourense). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.